



Programa de verán 2022

Rede Museística Provincial de Lugo

Museo Pazo de Tor

- **Campamento “Pon un museo na túa vida”**
Datos: 27-28-29 de xuño.
 - **A TÚA ÁRBORE XENEALÓXICA**
Os pazos son edificios que, na maioría dos casos, pertenceron a familias fidalgas. Para estes fidalgos era moi importante a xenealoxía das súas familias, xa que en gran parte era a que xustificaba a súa condición. Existían diferentes expresións da xenealoxía dunha familia fidalga, escudos, xenealoxías familiares, e tamén árbores xenealóxicas. Esta última foi un elemento moi presente nos pazos e o pazo de Tor non é unha excepción. E por iso que partindo de esta premisa, e tomando como modelo os que existen neste pazo, faremos a súa árbore xenealóxica familiar e aprenderán quen é cada membro da familia e o parentesco entre eles.
Horario: de 11:30 a 13:30 h.
 - **TOR E OS SEUS ESCUDOS**
Outro dos elementos que non faltan nos pazos e que tamén están directamente relacionados coa xenealoxía das familias que os habitaron, son os escudos heráldicos. Falaremos deles, miraremos todos os que hai no pazo de Tor e aprenderemos cales son as súas partes e que significaban, para despois facer un escudo que nos represente.
Horario: de 11:30 a 13:30 h.
 - **A MEMORIA DO PAN**
Os pazos eran como pequenas cidades en si mesmas, totalmente ou practicamente autosuficientes. Aquí se facía practicamente todo o que era necesario para a vida cotiá. Faremos unha visita na que veremos ata que punto isto era así. Poñendo especial atención no gran dende a súa recolección ata a súa transformación en alimento. Logo acenderemos os fornos de Tor e veremos que cousas ricas poden saír despois de tanto traballo.
Horario: de 11:30 a 13:30 h.
 - **RESMAS E PREGOS**
Son dúas medidas tradicionais que servían para medir cantidades de papel. Veremos a importancia do papel ao longo da historia dos pazos e veremos algunha medida tradicional mais que existía no pazo para outro tipo de cousas. Tamén veremos o importante que é ser sostible hoxe en día e realizaremos un obradoiro onde crearemos os nosos papeis sostibles e personalizados partindo de papel usado.
Horario: de 11:30 a 13:30 h.
 - **(RE) CONEXIÓN**
Deixando de lado os obradoiros máis técnicos e usando así as xornadas para levar a cabo a gravación audiovisual, sendo esta a escusa para a reconexión interxeracional, que é o propósito esencial deste proxecto.
Co material gravado, 6-8 historias de bibliotecas vivas ao longo da provincia, montaríase unha peza final de 12-15 minutos que sería o que se proxectaría nalgunha estancia da Rede Museística.
Datos: 18 e 19 de xullo.
Idades: Interxeracional.
Prazas: 6.
 - **III TORNEO DE XADREZ DO PAZO DE TOR**
Datos: 30 de xullo.
 - **AMADRIÑANDO Á REDE: o compromiso de nacer cun museo baixo o brazo**
Datos: A partir do 1 de agosto
 - **PROGRAMA ONDE NACEN ÁS HISTORIAS.**
Trátase dunha programación multiartística para a infancia e a adolescencia, composta por 5 xornadas con múltiples obradoiros de diferentes disciplinas artísticas e artistas locais, integrando todas as artes dun xeito transversal cunha perspectiva feminista, multicultural, LGTB+ e inclusiva.
Historia en imaxes; Imaxinación á mesa; O legado das palabra; Redes de escritura; A maxia das raíces; Teatro para todes; Un fogar para todes; Lendas da Terra; Datos: do 2 ao 6 de agosto.
Prazas: 25.
 - **Imaxes Sacras Pazo de Tor**
Proxecto de formación, creación e investigación a través da fotografía, integrando a un recoñecido fotógrafo galego Vari Caramés e a poboación das aldeas da Ribeira Sacra do Río Miño. A exposición en formato proxección se realizará no Pazo de Tor.
Datos: 5 de agosto
• SACRA FESTIVAL 2022
• IMAXES SACRAS ÁS 20:00
• COMPAÑÍA 5S 21:00
• DUZARO 21:30
• DAVIDE SALVADO
- ### RESIDENCIAS
- **“[Da]TerraSemente [Dá] sementeTerra (Agosto)**
Encontros de cocreación artística coa comunidade e a contorna rural con Carla Andrade, Eva Antelo, Rosa Neutro e María Roja.
• Inicio residencias: 3 de agosto.
• Presentación proxectos de creación: 5 agosto.
• Interacción artistas no proceso creativo: do 6 ao 11 de agosto.
• Formalización e montaxe: 12 de agosto.
• Inauguración proxecto expositivo: 13 de agosto.
 - **“Escrita no remoto” con Yolanda Castaño**
Xullo e Novembro coa FUNDACIÓN UXÍO NOVONEYRA-REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO
- ### PROXECCIÓN EXTERNA DA REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
- **soTERRAdas no FANCINE LEMOS**
Datos: 7,8 e 9 de xullo en Monforte.
 - **CREACIÓN DE CONTIDOS E RELATOS DIARIOS DE INSPIRACIÓN Compás**
Datos: Xullo e agosto.



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO